

Hannah Arendt. A condición humana. **Crítica do mundo moderno**.

Mundo grego:

- **Primacía da acción:** a actividade máis importante da vida activa.
- **Diferenciación de actividades e espazos:** **Acción+Discurso:** Esfera pública da polis (cidade)-ámbito de igualdade e liberdade dos cidadáns (polites) vs. **Labor:** Esfera privada do oikos (casa familiar)-ámbito de desigualdade e dominio (escravo).

Mundo moderno:

1. **Inversión do orde xerárquico da *vita activa*:** prevalencia do labor e a fabricación sobre a acción.
2. **Asimilación da acción á labor e a produción:** **comprensión da acción [política] en termos económicos e técnicos.** O **labor** (satisfacción das necesidades vitais) e o **traballo** (racionalidade instrumental) **penetran no ámbito político da acción.**
3. **Aparición da esfera social** (non pública e non privada): **Disolución-Inclusión das esferas pública e privada na esfera social.** Colonización da política e a intimidade polo social.

a) Confusión entre o público e o privado: Superposición do espazo público e a esfera privada:

- **Eliminación da división entre o espazo privado e o público.**
Publicación do privado: **Público:** ámbito da apariencia (aparecer ante os outros), ser visto e oído, o que debe mostrarse vs. **Privado:** *privacy*, lugar protexido da ollada dos demais, no que non se é visto nin oído, interioridade do suxeito, afectos, conciencia moral, valores éticos.

b) Identificación [errónea] das esferas social e política:

- **Comprensión do Estado-nación como unha *gran familia*.** Asimilación das actividades políticas da vida en común a actividades de conservación da vida (*labor*): os asuntos do ámbito doméstico-familiar (*oikia*) convértense en asuntos de interese colectivo. Forma de goberno=**Burocracia**: a xestión-administración do oikos a escala estatal-nacional.
- **Substitución da política (organización da polis) pola economía (administración da casa).** Transformación da política en administración doméstica colectiva: incorporación das actividades económicas á esfera pública. A actividade económica e a reprodución da vida asumen relevancia pública. **Privatización do público:** Redución da política a xestión da produción (*traballo*) e o consumo (*labor*).
- **Sociedade de masas, sociedade de consumo.** Degradación dos cidadáns (*home de acción*) á mera condición de simples produtores (*homo faber*) e consumidores (*animal laborans*). **Economía de derroche:** eliminación da distinción entre o uso (*traballo*) e o consumo (*labor*). As cousas perden o seu carácter de uso e convértense en obxectos de consumo. **Cultura de masas:** conformismo, anulación da individualidade, uniformidade, pensamento único, unha soa opinión, un único interese.